

ARAGUAS, Vicente (2018): *La lluvia en el mar. Una antología de poesía gallega contemporánea*. Madrid: Pigmalión, 587 pp.

O antólogo, Vicente Araguas, poeta dos anos oitenta, crítico de literatura, ensaísta, moi coñecido no universo literario galego e non galego, ostenta a suficiente *auctoritas* para non someterse aos canons clásicos establecidos á hora de lexitimar esta escolma. Poderíamos escribir páxinas opinando sobre o por que da cabida destes vinte e seis nomes –catorce homes e doce mulleres– e non a presenza doutros nesta antoloxía.

Non é Araguas un crítico que se agoche das súas opinións. De aí que o libro comece dándonos as claves nun prólogo nítido, racional e independente. Non deixa o autor fisuras para outras reflexións ou consideracións afastadas do seu criterio de selección. Aínda que se trata de autores e autoras actuais contemporáneos, algúns dos nomes aquí incluídos non son considerados como os máis distinguidos ou lidos no ámbito da poesía galega. É precisamente este feito o que fai que esta antoloxía sexa diferente, de voces moi distintas, con identidade propia e cun fio en común, a lingua. El mesmo reconece a súa aposta persoal por poetas pouco coñecidos, ben pola ausencia física do país, como é o caso de Fátima Rodríguez, ou debido á incorporación de poetas novos con distintas ideas, novas formas de interpretar non só a poesía, senón a vida e o mundo globalizado e tecnolóxico do século XXI, tal é o caso de Rafael Yáñez ou de Antía Otero.

O autor sentencia a súa escolla co poder da palabra: “Mi selección es tan mía que la defendería hasta la última gota del cáliz poético” (p. 9). Alza a voz ao firmamento lírico para confirmar o auxe da poesía actual galega: “Juro que nunca en Galicia ha habido tantos buenos poetas” (*id.*). Consciente deste momento non pecha portas e avísanos coa súa peculiar e maxistral ironía galaica: “Tiempo habrá –si tengo

ganas y aplicación– para complementar *La lluvia en el mar*, con outros poetas diferentes” (*id.*).

A selección poética comeza con dúas voces clásicas como dous versos libres nesta compilación: a potencia poética musical nun universo de natureza e sensualidade de Luz Pozo, seguido do ton meditativo e sereno de Franco Grande. A continuación distingue tres xeracións diferentes coma tres estrofas periódicas.

A primeira é a considerada do 68, que abarca desde Manuel Vilanova, poeta que transitou do realismo social a unha verdadeira preocupación pola estética, seguido dos eidos das miradas nostálgicas de Antonio Domínguez Rey, ao grito reivindicativo de Luz Pichel pola lingua do berce onde se nace para que nunca ninguén se senta “cativa en su lughar”.

Igualmente contextualiza neste grupo ao poeta Xosé María Álvarez Cáccamo, as reflexións emerxidas das viaxes de Cesáreo Sánchez, ou vai da autopoética de Xulio López Valcárcel á polifonía de voces nos poemas de Chus Pato. Pecha este apartado xeracional coa paixón da poesía da experiencia como é a do estradense Manuel Pereira Valcárcel.

O segundo é o grupo que o antólogo denomina xeración do 75. Acolle poesías tan diferentes como a de Alfonso Armada, Eva Veiga, Manuel Forcadela ou Fran Alonso. Inclúe tamén nomes de poetas relevantes para o devir da poesía moderna galega. É o caso de Miguel Anxo Fernán Vello, ou o de Miro Villar.

A xeración do 2000, recolle a poetas nados entre o 1979 e o 1982. Encabeza o grupo Rafa Yáñez, que con *Farewell* licenciárase como poeta. Cómpre salientar a dimensión da formación de poetas instruídas como María Lado, Antía Otero, Dores Tembrás ou Diana Varela

Puñal. Esta é unha xeración que vive inmersa na cultura e nas linguas dos pobos. Nunca a poesía en lingua galega tivo tanta difusión internacional con estas novas xeracións e nunca foi traducida a tantas linguas, como o vasco, catalán, sardo, ucraíno, croata, búlgaro, estonio, etc.

Pensamos que a finalidade do autor é que esta antoloxía bilingüe vaia dirixida á Galicia exterior. Así, con esta selección achéganos a

ter unha panorámica máis xeral da poesía que se escribe en galego e ábreunos á curiosidade e interese noutros poetas que xa forman parte da identidade do universo da poesía galega.

Desexamos que o antólogo teña gañas e aplicación para que nos deleite cun segundo volume de *La lluvia en el mar*.

Carmen Blanco Ramos
ramablanca@yahoo.es